





## TITULO I

### DISPOSICIÓN XERAIS

#### DENOMINACIÓN, ÁMBITO TERRITORIAL E PROFESIONAL, DURACIÓN, DOMICILIO E FINS




**Artigo 1.-** Ao abeiro da Lei 19/77, de 1 de abril, reguladora do Dereito de Asociación Sindical constitúese a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE DEZA (A.E.D.), unha entidade asociativa de carácter empresarial e sen ánimo de lucro.




**Artigo 2.-** A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE DEZA terá como ámbito profesional as empresas que se adiquen á industria, comercio, servizos, agricultura e gandaría, ou calquera outro sector produtivo. O seu ámbito territorial comprende a Comarca de Deza, podendo asociar empresas que teñan fixada a súa sede noutro ámbito ou lugar, sempre e cando desempeñen total ou parcialmente a súa actividade na Comarca. Asemade poderán establecerse acordos de integración ou colaboración con entidades ou sociedades de ámbito igual ou superior, para o mellor cumprimento dos fins sociais.

**Artigo 3.-** A Asociación constitúese por tempo indefinido.





**Artigo 4.-** A Asociación gozará de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos, de conformidade coas disposicións legais pertinentes.



**Artigo 5.-** A Asociación fixa o seu domicilio na Rúa Otero Pedrayo, nº 24 baixo – Lalín, podendo acordar por parte da Xunta Directiva, en calquera momento, o cambio a outro lugar, así como establecer as delegacións e representacións que considere máis oportunas, previa ratificación da Asemblea Xeral.

**Artigo 6.-** A Asociación de Empresarios de Deza crea dentro do seu seo o Centro Comercial Aberto de Lalín, onde poidan participar e integrarse as persoas físicas e xurídicas que realicen unha actividade empresarial no sector comercio, hostalería e/ou servizos e cuxa ubicación se encontre nas seguintes rúas de Lalín: Praza da Igrexa, Rúa Xoaquín Loriga, Rúa Principal, Rúa Colón, Avda. Buenos Aires, Avda. Luis González Taboada, Rúa Alcalde Ferreiro, Rúa B, Rúa Calzada, Rúa D, Rúa F, Rúa José Antonio, Rúa Matemático Rodríguez, Rúa Molinera, Rúa Penatoares, Rúa Pintor Laxeiro, Rúa Wenceslao Calvo Garra, Rúa Galerías Pelayo, Praza da Marina, Praza da Torre, Rúa Melide, Rúa C, Rúa Maruja Gutiérrez, Rúa E, Rúa Ramón Aller, Rúa Observatorio, Rúa Rosalía de Castro, Rúa Pintor Colmeiro, Rúa Monte Faro, Rúa Arenal, Rúa Ponte e Rúa Emilia Pardo Bazán. Será competencia da Xunta Directiva da Asociación a ampliación da zona de actuación do Centro Comercial Aberto de Lalín.

**Artigo 7.-** Constitúen os fins da Asociación:

- 
- 
- a) Agrupar todos os sectores da agricultura, gandaría, comercio, industria, servizos e demais sectores produtivos desta Comarca, para unha maior participación en calquera actividade, co apoio da Asociación e colaboración da mesma en negociacións a calquera nivel.



- b) A representación, defensa e promoción dos intereses económicos, sociais, profesionais e culturais dos asociados/as.
- c) Fomentar a solidariedade entre os empresarios/as asociados/as. Promocionando e creando servizos comúns de natureza asistencial.
- d) Promover e canalizar a participación dos membros dentro da Federación e Confederación Provincial de Empresarios.
- e) Cantas outras funcións se refiran á representación dos intereses económicos e profesionais recollidos no esquema orgánico.
- f) Organizar un constante labor de información e asesoramento, creándose para tal efecto unha Secretaría Técnica para o desenvolvemento das capacidades e fins sinalados no artigo 30.
- g) Prestar servizos sociais á comunidade en xeral, nas diferentes áreas de actuación segundo se recolle na Lei 4/93 do 14 de abril de Servizos Sociais (Comunidade, Familia, Infancia, Mocidade, Minusvalías, Vellez, Muller, Drogodependencias, Alcoholismo, Minorías Étnicas, Delincuencia e Reinserción de ex-internos ou outras problemáticas de marxinação social).
- h) Fomentar, programar e realizar plans de formación ocupacional, desempregados e formación continua, dirixida a traballadores en activo, directivos, empresarios e autónomos.
- i) Fomentar e promover con carácter prioritario a realización de todo tipo de accións dirixidas a empresarios e traballadores para a prevención de riscos laborais e da saúde no traballo, a calidade, a protección do medioambiente e o desenvolvemento sostible da actividade económica, a responsabilidade social empresarial (RSE) e a internacionalización empresarial.
- j) Organizar e promover actividades de dinamización comercial mediante a realización de campañas de promoción, publicidade destas campañas en medios de comunicación ou en soportes publicitarios, así como material promocional para o comercio, hostalería e demais sectores en xeral, consistentes en sorteos, concursos, festivais e todas aquelas actividades que sexan de interese para a Asociación e os seus asociados/as.
- k) Promover e desenvolver sistemas de fidelización a través de servizos dirixidos á clientela cuxa finalidade é aumentar as vendas, atraer novas persoas consumidoras e satisfacer á clientela.
- l) Organización, promoción e participación de cantas actividades de carácter cultural, deportivo ou lúdico sexan de interese para a Asociación e os seus asociados/as.
- m) Realización de estudos e traballos técnicos, revistas empresariais e cantas outras actividades e publicacións se poidan desenvolver de interese para as empresas que representa.
- n) Promover a innovación tecnolóxica nas empresas

**Artigo 8.-** Poderán ser membros da Asociación todas as empresas e/ou empresarios que desenvolvan a súa actividade, total ou parcialmente, dentro do ámbito territorial da comarca do Deza e que reúnan as condicións profesionais ás que se refire o artigo 2, coa única condición de que voluntariamente o soliciten, acepten os presentes estatutos, e non incorran en ningún impedimento legal ou estatutario.

## TITULO II DOS MIEMBROS DA ASOCIACIÓN

**Artigo 9.-** A solicitude de inscrición como socio/a da AED acompañarase da documentación suficiente que probe a súa existencia, actividade e documentación acreditativa de que a persoa que a representará na Asociación ten poder suficiente para obrigala, máis calquera outro dato que regulamentariamente se estableza.

O ingreso na Asociación será voluntario e, en calquera momento, poderán os membros deixar de pertencer á mesma notificándoo por escrito á Xunta Directiva cunha antelación de dez días á data de baixa. As altas e baixas faranse constar nun libro ao efecto.

A afiliación á Asociación leva inherente o pagamento da cota que se fixe pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, de conformidade cos presentes Estatutos.

Por outra parte, poderán pertencer á Asociación de Empresarios de Deza, en condición de entidade colaboradora, calquera entidade, pública ou privada, que defenda os obxectivos da Asociación, que defenda de forma significativa a función do empresario nun sistema de economía de mercado, colabore no estudo e difusión das técnicas empresariais, ou patrocine e apoie proxectos ou eventos da Asociación.

As entidades colaboradoras non terán a consideración de membro de pleno dereito da Asociación non dispoñendo, por tanto, dos dereitos e obrigacións ás que se refiren os artigos 11 e 12 dos Estatutos e rexerese polo convenio de colaboración que se subscriba con dita entidade.

**Artigo 10.-** Perderase a condición de asociado/a por algunha das causas seguintes:

- Vontade expresamente manifesta do asociado/a.
- Falta de pagamento de 3 ou máis cotas as que veña obrigado a satisfacer.
- Por expulsión acordada pola Xunta Directiva previo informe realizado ao efecto como consecuencia de quebrantamento dos fins da Asociación, reiterada obstrución a devanditos fins ou aos acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, debendo ser aprobados devanditos acordos pola Asemblea Xeral.
- Contra o acordo de expulsión o asociado/a poderá recorrer ante a Asemblea Xeral.

**Artigo 11.-** Os asociados/as terán os dereitos seguintes:

- Tomar parte nas votacións e deliberacións da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria.
- Elixir e ser elixidos para os postos directivos e de representación.
- Recabar o amparo da Xunta Directiva cando consideren lesionados ou menoscabados os seus dereitos ou intereses polos da Asociación.
- Recabar a atención da Xunta Directiva sobre aqueles asuntos que puideran afectar aos intereses dos membros da Asociación co fin de tomar as medidas oportunas.
- Beneficiarse dos órganos asesores que estableza a Asociación, na forma que regulamentariamente se determinará.
- Inspeccionar os libros da Asociación da forma que regulamentariamente se determine.

**Artigo 12.-** Os asociados/as terán as obrigas seguintes:

- a) Observar as normas contidas nestes Estatutos, así como as que nun futuro poidan ser validamente adoptadas.
- b) Cumprir os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e colaborar na consecución dos fins da Asociación.
- c) Asistir a todos os actos da Asociación e as asembleas que se convoquen.
- d) Elixir ós socios/as para os cargos representativos e de goberno da Asociación.
- e) Pagar as cotas que lles correspondan e, no seu caso, aportar os fondos necesarios para que a Asociación poida cumprir os seus fins.
- f) Aceptar o destino que dentro das normas destes estatutos se dea aos fondos da Asociación.
- g) Respetar a libre manifestación de opinións e non entorpecer directa ou indirectamente a actividade da Asociación.

### TITULO III DOS ORGANOS DE GOBERNO

**Artigo 13.-** O goberno da Asociación estará a cargo da Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e o Presidente da mesma.

**Artigo 14.-** A Asemblea Xeral está constituída por todos/as os/as afiliados/as que se encontren o corrente do pagamento das cotas e non teñan suspendida a afiliación por calquera outro motivo de acordo cos presentes Estatutos.

**Artigo 15.-** A Asemblea Xeral, validamente constituída, é o órgano soberano da Asociación, e os seus acordos adoptados con orde a estes Estatutos son obrigatorios para todos os seus afiliados/as.

**Artigo 16.-** As Asembleas Xerais poderán ser ordinarias e extraordinarias.

A Asemblea Xeral Ordinaria, que incluírá a aprobación do orzamento e a liquidación dos ingresos e gastos do exercicio ou exercicios precedentes, celebrárase dentro do primeiro semestre do ano. Serán Asembleas Xerais Extraordinarias todas as demais.

As Asembleas convocaranse polo Presidente a proposta da Xunta Directiva ou cando o solicite o vinte por cento dos afiliados.

**Artigo 17.-** As Asembleas Xerais ordinarias e extraordinarias convocaranse por escrito do Presidente da Asociación, a través de correo ordinario, correo electrónico ou calquera outro medio de comunicación, dirixido a todos os afiliados/as, con quince días naturais de antelación á data e hora sinalada para a reunión, expresándose, ademais, a data e hora á que terá lugar a reunión en segunda convocatoria.

En caso excepcional e de extrema urxencia, apreciada polo Presidente, a convocatoria poderá cursarse por calquera medio escrito, expedido, polo menos, con dous días de antelación.

A comunicación da convocatoria consignará o lugar, local, data e hora na que se vai celebrar a Asemblea e os asuntos que se van tratar, segundo a orde do día acordado pola Xunta Directiva.



A Xunta Directiva, no apartado de rogos e preguntas, recollerá todas as propostas que se formulen polos afiliados, mediante petición escrita, con alomenos tres días antes da data da reunión.

Así mesmo, por razóns de urxencia, poderán debaterse cuestións plantexadas no curso da reunión, se así o decide un mínimo do 20 por cento dos asistentes á mesma.

**Artigo 18.-** A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando se encontren representados a metade máis un dos membros, e, en segunda, calquera que fose o número de asistentes.

**Artigo 19.-** A Presidencia de todas as Asembleas corresponde ao Presidente da Asociación e, en ausencia deste, ao Vicepresidente. Actuará como secretario o da Xunta Directiva.

Os acordos que adopte a Asemblea Xeral serano polos votos a favor da maioría simple, salvo naqueles casos en que estes Estatutos esixan maioría cualificada. O voto será libre, persoal e segredo.

Cada afiliado/a, ao corrente no pagamento das súas cotas, ten dereito a voto.

Calquera asociado/a poderá mudar o representante nomeado ante a Asociación en calquera momento, mediante comunicación fidedigna subscrita polo representante legal da empresa. O cambio non afectará as convocatorias de órganos de goberno xa emitidas.

En todo caso, emitida a convocatoria, o representante nomeado ante a Asociación poderá delegar a súa representación en calquera outro vogal membro do órgano de goberno de que se trate ou noutra persoa vinculada á empresa (neste último caso acreditarase a delegación mediante poder notarial de representación suficiente da empresa)

En todo caso, ningunha persoa ou vogal poderá ostentar, ademais da representación ou representacións propias, máis de dúas representacións por delegación.

**Artigo 20.-** Son funcións e competencias da Asemblea Xeral:

- a) Adoptar acordos relativos á representación, xestión e defensa dos intereses da Asociación e dos seus afiliados.
- b) Aprobar os programas e plans de actuación.
- c) Elixir e revocar o mandato dos membros da Xunta Directiva e do Presidente da Asociación. A votación será libre e secreta.
- d) Coñecer a xestión da Xunta Directiva.
- e) Fixar as cotas que teñan que satisfacer os afiliados, de conformidade coas propostas que elabore a Xunta Directiva.
- f) Aprobar os orzamentos e liquidacións de contas.
- g) Aprobar ou reformar os Estatutos.
- h) Acordar a disolución da Asociación. Neste caso necesitarase o voto a favor de alomenos as  $\frac{3}{4}$  partes do censo de asociados/as.
- i) Coñecer e resolver as reclamacións e recursos formulados polos asociados/as.

**Artigo 21.-** Das reunións da Asemblea Xeral levantarase acta, asinada polo Presidente e o Secretario/a.



**Artigo 22.-** A Xunta Directiva é o órgano encargado da dirección, goberno e administración da Asociación. Estará integrada ademais do Presidente, por un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e de un a sete vogais, elixidos en candidatura pechada, pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio libre e segredo, debendo axustar a súa actuación en todo momento a principios democráticos, renovándose na súa totalidade cada catro anos.

Para poder ser membros da Xunta Directiva da Asociación, deberán estar ao corrente de pago das cotas e ter unha antigüidade mínima dun ano como asociado/a á Asociación de Empresarios de Deza.

A renuncia ou vacante producida en calquera cargo será cuberta provisionalmente e ata completar o mandato, por decisión da Xunta Directiva entre os vogais da mesma. A mesma persoa non poderá exercer o cargo de Presidente máis de 8 anos.

**Artigo 23.-** A Xunta Directiva reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez cada trimestre. Tamén se reunirá, en sesión extraordinaria, nos casos en que o solicite a terceira parte dos seus compoñentes ou o decida o Presidente por iniciativa de seu.

O Presidente da Xunta Directiva, que tamén será o da Asociación, convocará aos seus membros, sempre que sexa posible, con oito días naturais de antelación á data fixada para a reunión, con remisión da orde do día no que se comprendan os asuntos a tratar. Por razóns de urxencia, poderanse tratar temas non contidos na mesma.

**Artigo 24.-** A Xunta Directiva considérase validamente constituída cando concorran á reunión a metade máis un dos seus membros e estea presente o Presidente, ou quen o substitúa.

Para a adopción de acordos requirirase o voto favorable da metade máis un dos membros da Xunta Directiva presentes. En caso de empate tomará a decisión o Presidente co seu voto de calidade.

As discusións e acordos das sesións, tanto ordinarias como extraordinarias da Xunta Directiva, faranse constar en acta asinada polo Presidente e o Secretario.

**Artigo 25.-** A Xunta Directiva terá as seguintes facultades e funcións:

- a) A execución e cumprimento dos acordos da Asemblea Xeral.
- b) Realizar e dirixir as actividades da Asociación necesarias para o exercicio e desenvolvemento dos seus fins.
- c) Propor á Asemblea Xeral os programas de actuación xeral e específicos, e realizar os xa aprobados, dando conta do seu cumprimento á Asemblea Xeral.
- d) Elixir entre os seus compoñentes ó Secretario e o Tesoureiro, así como os seus respectivos suplentes.
- e) Preparar e presentar a Asemblea Xeral, de acordo coa Secretaría Técnica, os orzamentos, balances, liquidacións de contas e propostas de cotas para a súa aprobación.
- f) Elaborar, xunto coa Secretaría Técnica, a memoria anual de actividades, sometendoas para a súa aprobación á Asemblea Xeral.
- g) Decidir en materia de cobros e ordenación de pagamentos e expedición de libramentos.
- h) Inspeccionar a contabilidade, así como a mecánica de cobros e pagamentos, a maiores das facultades do Tesoureiro.
- i) Inspeccionar e velar polo normal funcionamento dos servizos.



- j) Adoptar acordos referentes á contratación de bens, servizos e persoal, previa solicitude e informe do servizo técnico da Asociación a efectos dos fins sinalados no artigo 31, así como o outorgamento de poderes.
- k) Realizar informes e estudos de interese para os afiliados.
- l) Propor o Presidente a convocatoria e a orde do día das Asembleas Xerais.
- m) En caso de extrema urxencia, adoptar decisións sobre asuntos de competencia de Asemblea Xeral, dando conta disto na primeira sesión que esta celebre.
- n) Coñecer de todos os asuntos non atribuídos de xeito expreso a ningún outro órgano de goberno.

**Artigo 26.-** O Presidente da Asociación será elixido mediante votación libre e secreta pola Asemblea Xeral e presidirá ésta e a Xunta Directiva.

Son funcións do Presidente:

- a) Presidir a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- b) Dirixir os debates e a orde das reunións.
- c) Representar á Asociación, subscribir contratos e outorgamentos de poderes e executar toda clase de accións, coa debida autorización da Xunta Directiva.
- d) Render anualmente informe da súa actuación á Asemblea Xeral.
- e) Propor, previo informe da Secretaría á Xunta Directiva, o nomeamento de cargos técnicos e administrativos, que sexan necesarios para o desenvolvemento das actividades da Asociación.
- f) Convocar as reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral (neste último caso a proposta da Xunta Directiva ou por acordo de alomenos o 20% dos asociados/as).
- g) Realizar xestións e cantas iniciativas considere oportunas para o cumprimento dos fins da Asociación.
- h) Para o suposto de urxente e extrema necesidade, poderán adoptar as decisións que estime axeitadas para a mellor defensa da Asociación e dos seus socios/as, poñéndoo en coñecemento, no prazo máis breve posible dos órganos competentes da materia.
- i) Delegar, de maneira permanente ou temporal, unha ou varias das súas funcións na persoa do Vicepresidente.
- j) Realizar os pagos que sexan precisos pola Asociación. Esta facultade teraa conxuntamente co vicepresidente ou tesoureiro, podendo o vicepresidente ou tesoureiro e presidente realizar os pagos de forma individual ou conxunta.
- k) Calquera outra función que lle fora especificamente atribuída pola Asemblea Xeral ou lle outorguen os presentes estatutos.

**Artigo 27.-** O Vicepresidente da Asociación, que será elixido, en candidatura pechada xunto co resto dos membros da Xunta Directiva, pola Asemblea Xeral, tamén o será desta e da Xunta Directiva.

Substituirá ao Presidente nas súas ausencias e de se producir a vacante deste, desempeñará provisionalmente a Presidencia, en tanto non se realiza a nova elección.

**Artigo 28.-** O Secretario da Asociación levará acta das reunións que celebren os órganos da mesma, co visto e prace do Presidente autorizado pola súa sinatura.

**Artigo 29.-** Levarase un rexistro de socios/as. Facilitaráselles aos socios/as a información precisa que soliciten sobre a situación económica da Asociación.



**Artigo 30.-** Créase unha Secretaría Técnica cun secretario/a técnico/a da Asociación á fronte da mesma segundo se prevé no apartado f) do artigo 7, coa facultade de contratar e despedir ao persoal técnico-administrativo necesario, previo informe á Xunta Directiva, segundo se establece no apartado j) do artigo 25, para as actividades de administración, execución e tramitación dos documentos, así como os servizos de información que sexan requiridos polos asociados/as.

Así mesmo, o/a secretario/a técnico/a poderá representar á Xunta Directiva no desenvolvemento diario das súas actuacións para as que se lle concederán as oportunas facultades ou poderes. Devandito secretario/a non é necesario que ostente a condición de asociado/a, podendo ser o cargo remunerado.

#### TITULO IV DO REXIME ELECTORAL

**Artigo 31.-** Cunha antelación de alomenos 30 días naturais antes da data fixada para a votación, o presidente da Asociación de Empresarios de Deza abrirá o proceso electoral, mediante escrito dirixido a todos os asociados/as no que se indicará data e lugar sinalados para a elección e prazo de presentación de candidaturas.

**Artigo 32.-** O sistema de elección á Presidencia e á Xunta Directiva da AED farase mediante a presentación de candidatura ou candidaturas pechadas. De tal xeito que aqueles que queiran concorrer as eleccións deberán presentar unha lista pechada que inclúa os cargos, identificando o candidato a Presidente e o resto de membros da Xunta Directiva (Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e de un a sete vogais)

Poden ser elixibles, e polo tanto formar parte da candidatura para a Xunta Directiva da AED, calquera empresario/a asociado/a ou representante nomeado ante a Asociación pola empresa asociada, en plenitude dos seus dereitos asociativos, non incurso en causa penal que implique limitación ou suspensión dos seus dereitos civís e que non desempeñe ningún outro cargo en organismos públicos de calquera natureza e sempre que estean ao corrente no pago das súas cotas e teñan unha antigüidade mínima como asociado/a dun ano.

Ao ser lista pechada, se algún dos candidatos da lista non reúne os requisitos antes mencionados, invalidarase toda a lista ou candidatura, excepto que se houberan incluído persoas suplentes para os cargos respectivos. O número máximo de suplentes a incluír na candidatura serán catro.

**Artigo 33.-** Quen desexa concorrer como candidatos/as á presidencia e Xunta Directiva da AED, deberán presentar a súa candidatura, na forma indicada no artigo 32 e anterior, dentro do prazo establecido, por escrito, con carácter persoal, por calquera un dos que figure como membro da candidatura, na secretaría xeral da mesma. O escrito debe expresar a empresa á que pertence cada un dos que compoñen a candidatura.

**Artigo 34.-** No prazo máximo de sete días naturais seguintes á finalización da presentación de candidaturas, procederase á proclamación pola Xunta Directiva daquelas candidaturas que cumpran as condicións esixidas polos presentes estatutos, e rexeitando, de forma razoada, as candidaturas que non os reúnan.

As candidaturas proclamadas comunicaranse a todos/as os/as asociados/as, mediante exhibición pública, o día seguinte, no local da AED.

Unha vez realizada a proclamación calquera membro da candidatura poderá renunciar ata o día antes da data sinalada para a votación mediante escrito asinado e





presentado na Secretaría Xeral. A renuncia dun ou varios candidatos suporá a anulación da candidatura si para o cargo ou cargos de que se trate non se houbo incluído suplente ou suplentes para o mesmo ou os mesmos.

**Artigo 35.-** No caso de haber máis dunha candidatura proclamada válida, realizarase votación mediante papeleta oficial na que figurará a candidatura, cos nomes dos distintos candidatos a Presidente e demais cargos a membros da Xunta Directiva.

Resultará elixida aquela candidatura que obteña o maior número de votos válidos, sempre que estes representen alomenos a maioría simple.

Se só existe unha candidatura, ésta considerárase elixida sen necesidade de votación.

**Artigo 36.-** O Censo Electoral estará formado por todos os socios/as que conforman a Asemblea Xeral no momento da apertura do proceso electoral, excepto aqueles que non se atopen ao corrente das cotas ordinarias ou extraordinarias establecidas. Neste último caso, quedarán excluídos do proceso electoral, non podendo ser, polo tanto, nin electores nin elixibles.

Ao secretario/a xeral corresponderalle acreditar qué socios/as non están ao corrente dos pagos, habilitando un prazo excepcional para sufragar a débeda contraída coa AED.

O peche definitivo do censo electoral será o último día de presentación de candidaturas.

**Artigo 37.-** Despois da proclamación de candidatos/as, o secretario/a xeral procederá, no seguinte día hábil, a constituír a Mesa Electoral.

A Mesa Electoral estará formada por:

- a) Presidente – presidente saínte sempre que non forme parte de ningunha candidatura proclamada, en caso contrario, o vogal de maior idade da Xunta Directiva que non se presente de novo ou o socio/a máis antigo/a da AED que acepte o cargo.
- b) Vicepresidente – sempre que non forme parte de ningunha candidatura proclamada ou o/a segundo/a socio/a mais antigo/a da AED que acepte o cargo.
- c) Un representante de cada candidatura proclamada válida.
- d) O/A Secretario/a Xeral – sempre que non forme parte de ningunha candidatura proclamada ou, en caso contrario, o Secretario/a Técnico/a.
- e) Asesor/a xurídico/a.

A Mesa Electoral será a competente para resolver calquera controversia ou dúbida e adoptar cantas decisións sexan necesarias para organizar, supervisar e culminar o proceso electoral.

A Mesa presidirá o acto electoral que estará aberto o día sinalado a tal efecto, dende ás 15:00 horas ata as 20:00 horas, de xeito ininterrompido, co fin de facilitar o exercicio do dereito a voto dos asociados/as. A estes efectos, os membros da mesa electoral poderán facer quendas, sendo sempre necesaria a presenza dun mínimo de dous membros e o Secretario/a Xeral ou Secretario/a Técnico/a.

Os electores identificaranse ante a Mesa Electoral por orde de chegada ao local onde se estea desenvolvendo o acto de votación, mostrando o seu DNI, e o poder notarial se non é o representante legal que aparece no censo electoral, así como, no seu caso, a copia da delegación ou delegacións de voto.

Finalizada a votación, os membros da Mesa Electoral procederán ó escrutinio e á proclamación da candidatura vencedora.

**Artigo 38.-** Todo/a elector/a poderá delegar por escrito a favor sempre doutro/a elector/a, o seu dereito a voto. Ningún/ha elector/a poderá ostentar en total máis de dúas representacións, ademais da propia ou propias.

Para que a delegación de voto sexa válida deberá adxuntar a orixinal da mesma e copia do DNI.

Na delegación de voto deberase indicar claramente quén delega, en quén se delega e para qué se delega.

## TITULO V RÉXIME ECONÓMICO

**Artigo 39.-** Os recursos financeiros da Asociación estarán integrados por:

- a) As cotas dos membros da Asociación.
- b) As doazóns e legados en favor da mesma.
- c) As subvencións que lle poidan ser concedidas.
- d) Calquera outro recurso obtido de conformidade coas disposicións legais e preceptos estatutarios.
- e) As vendas dos seus bens e valores.
- f) Os ingresos procedentes da venda de publicacións e das prestacións de servizos.

Para cada exercicio económico confeccionarase un orzamento ordinario de ingresos e gastos, con orde ás normas contidas nos presentes Estatutos.

**Artigo 40.-** A Xunta Directiva determinará as normas para a administración e contabilidade, o ordenador dos pagamentos poderá ser o presidente da Asociación, o vicepresidente ou tesoureiro, tal como se recolle no art. 26 j) dos presentes estatutos.

O Tesoureiro intervirá todos os documentos de cobros e pagamentos, supervisará a contabilidade e coidará da conservación de todos os fondos na forma que dispoña a Xunta Directiva e asinará todos os documentos de cobros e pagamentos.

A Asemblea Xeral arbitrará as medidas necesarias para que os asociados/as poidan coñecer a situación económica da Asociación.

## TITULO VI MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

**Artigo 41.-** Os Presentes Estatutos poderán ser modificados, respectando sempre o fin da súa constitución, en virtude de acordo da Asemblea Xeral, co voto favorable dos 2/3 dos asistentes ou representados.

O proxecto de modificación deberá ser proposta, polo menos, por unha terceira parte dos asociados/as ou pola Xunta Directiva, e será remitido a todos os membros da Asociación cunha antelación mínima de 20 días á data en que teña lugar a Asemblea Xeral que trate da súa aprobación.

**Artigo 42.-** A Asociación poderá adherirse a outras organizacións empresariais de máis amplo ámbito.

**TITULO VI  
DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 43.-** A Asociación disolverase cando así o acorde a Asemblea Xeral, polo voto favorable de alomenos as  $\frac{3}{4}$  partes dos asociados/as. Neste caso liquidaranse todas as obrigacións que a Asociación teña pendentes cos membros ou con terceiros, constituíndose a tal efecto unha Comisión Liquidadora nomeada pola Asemblea Xeral, cesando neste momento a Xunta Directiva. A Comisión Liquidadora procederá o cumprimento das obrigas pendentes.



Se quedara remanente, a Asemblea Xeral determinará o destino que vaia a dárselle.

**Artigo 44.-** De non acordarse outra cousa pola Asemblea Xeral, actuarán de liquidadores os membros da Xunta Directiva.




**DILIXENCIA**

*Estes estatutos están redactados con inclusión das modificacións acordadas na Asemblea Xeral de socios e socias celebrada o día 26 de abril de 2018 e de conformidade co procedemento de modificación establecido nos presentes estatutos.*


COPIA AUTÉNTICA

Autoridad laboral competente  
Pontevedra

Fecha de emisión:

16/05/2018

13:17:29

